



CÁTEDRAS INSTITUCIONAIS DA USC

PROTOCOLO DE CREACIÓN E MARCO DE ACTUACIÓN

(Aprobado no Consello de Goberno de 11 de outubro de 2007)

1.- DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DUNHA CÁTEDRA

As Cátedras Institucionais da USC son ámbitos especiais para a reflexión, o debate, o estudo e a investigación en todos os ámbitos académicos, que xorden da necesidade de potenciar ao máximo a relación entre a comunidade universitaria e o seu entorno, na procura de converterse nun importante foco de proxección da imaxe exterior da nosa Universidade.

O establecemento deste sistema de colaboracións entre a USC e as empresas, institucións e/ou padroados, ten como finalidade o desenvolvemento e o incremento da oferta de actividades complementarias na procura dos obxectivos da docencia, a investigación, a transferencia do coñecemento, así como servir de instrumento para a captación de recursos externos de cara á realización destas actividades.

A creación das Cátedras Institucionais da USC formalízase a través da sinatura dun convenio entre a USC e unha ou varias empresas, fundacións, institucións e/ou padroados que participarán no seu financiamento consonte os obxectivos xa sinalados e as condicións que se describen a continuación.

2.- INICIATIVA E ÁMBITO DE CREACIÓN

A iniciativa para a creación das Cátedras da USC poderá corresponder, por unha banda, ao profesorado da Universidade (avalado por algún ámbito da estrutura orgánica da USC: Departamento, Facultade, Instituto), aos Departamentos, Centros ou Institutos Universitarios e, por outra banda ás fundacións, empresas, padroados ou institucións alleas á Universidade.

A proposta de creación da Cátedra constará dunha memoria na que se recollerán os obxectivos desta, faráselle chegar á Vicerreitoría de Relacións Institucionais, da que dependerán organicamente as cátedras, e que se encargará da coordinación das súas actividades de xeito transversal coas outras Vicerreitorías que puideran estar implicadas. A Equipa de Goberno da USC, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, elevará a proposta ao Consello de Goberno da USC para a aprobación definitiva da súa creación, que se formalizará na sinatura do convenio.

Na procura da uniformidade na actuación en cuestión das Cátedras, a Equipa de Goberno da USC, a través da Vicerreitoría de Relacións Institucionais,

propoñerá un Modelo-Tipo de Convenio para a Creación das Cátedras para a súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.

3.- DIRECCIÓN DA CÁTEDRA: ESTRUCTURA E FUNCIÓNS

A Dirección da Cátedra poderá estar constituída do seguinte xeito:

- Un **Director ou Directora da Cátedra** que será un/unha profesor doutor/profesora doutora, a tempo completo en activo ou profesor/a emérito/a da USC.
- Adicionalmente podería haber unha codirección ou participación de académicos de recoñecido prestixio non vinculados á USC.

A constitución da Dirección da Cátedra deberá ser acordada cos promotores desta e responderá a un perfil de prestixio profesional, técnico e científico recoñecido no ámbito da Cátedra, correspondéndolle o seu nomeamento ao Reitor da USC. Todos os cargos serán nomeados polo período de vixencia do convenio, podendo ser reelixidos no caso de renovación do convenio e poderán cesar por decisión do Reitor ou por renuncia aceptada deste.

A **Dirección da Cátedra** reunirse e organizarase de acordo cos seus propios criterios e necesidades, correspondéndolle as seguintes funcións:

- Elaboración, organización e desenvolvemento da programación anual de actividades e proxectos propios da Cátedra, que previamente valide a Comisión de Seguimento da Cátedra.
- Elaboración e xestión económica dos orzamentos anuais necesarios para o desenvolvemento da programación de actividades.
- Presentación á Comisión de Seguimento da memoria anual de actividades e da memoria económica da Cátedra.
- Achegar á Vicerreitoría de Relacións Institucionais mostras dos materiais divulgativos e publicitarios que se elaboren dentro do ámbito de actividade da Cátedra.

Atendendo sempre ás necesidades e dispoñibilidade do servizo, a Dirección da Cátedra poderá contar, para a realización daquelas tarefas de carácter meramente administrativo encadradas dentro da actividade da Cátedra, coa colaboración do Persoal de Administración e Servizos con destino no Centro, Departamento ou Instituto no que a Cátedra teña a súa sede.

A USC determinará a ubicación da Cátedra nun espazo, de uso non necesariamente exclusivo, dentro da planificación da distribución de espazos.

4.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO: ESTRUCTURA E FUNCIÓNS *¹

A efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a USC, a dirección das Cátedras e as empresas, fundacións, padroados ou institucións asinantes do convenio e na procura de satisfacer as súas necesidades e mellorar a promoción e o seguimento das actividades e orzamentos que se desenvolvan dentro do ámbito de actuación da Cátedra, no convenio de creación establecerase unha **Comisión de Seguimento** paritaria.

A súa composición será a seguinte:

Pola USC:

- **Vicerreitor ou Vicerreitora de Relacións Institucionais** ou persoa en quen delegue, que presidirá as xuntanzas desta Comisión.
- Outros Vicerreitores/Vicerreitoras, ou persoas en quen deleguen, que por razón da materia puideran estar vinculados/vinculados á actividade da Cátedra.
- Os membros da **Dirección da Cátedra**.

Polas entidades promotoras:

- **Igual número de representantes.**

Corresponderalle á Comisión de Seguimento:

- Validar a programación de actividades da Cátedra.
- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- A revisión, avaliación e aprobación da memoria anual de actividades e proxectos da Cátedra.
- A revisión, avaliación e aprobación da memoria económica anual de actividades da Cátedra.
- A autorización e establecemento das condicións de intervención doutras entidades que queiran colaborar na realización desas actividades.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada coa Cátedra.

Corresponderalle á Vicerreitoría de Relacións Institucionais presentar ante o Consello de Goberno da USC a memoria económica e de actividades anuais da Cátedra así como o arquivo destas, xunto coas mostras de materiais

¹ Comisión Institucional de seguimento das Cátedras páxina:8

divulgativos e publicitarios realizados dentro do ámbito de actividade da Cátedra.

5.- ACTIVIDADES

As actividades a realizar dentro da Cátedra toman como base o establecido no convenio de creación e serán consideradas de interese para toda as partes que interveñen na súa sinatura.

As actividades programadas terán un valor fundamental de cara á proxección do papel social da investigación e da actividade universitaria e servirán de captador de recursos externos para a realización de actividades académicas.

Entre as actividades que poderán programarse dentro dunha Cátedra estarían:

- Realización de actividades de divulgación relacionadas cos fins da Cátedra.
- Dotación de bolsas e/ou contratos de formación e/ou investigación.
- Convocatoria de premios para traballos fin de carreira e concursos de ideas.
- Promoción de prácticas en empresa e dos proxectos fin de carreira en empresas consonte co establecido pola USC nos plans de formación de empresas/institucións, etc.
- Potenciación de liñas de investigación de interese conxunto.
- Divulgación das actividades da Cátedra.
- Realización de publicacións sobre temas de interese relacionados coa temática da Cátedra.
- Actividades de xornadas de divulgación técnica, tecnolóxica, científica e cultural.
- Realización de propostas conxuntas entre a Vicerreitoría de Relacións Institucionais e as Cátedras para actividades acordes cos seus fins.

A USC colaborará coa Cátedra de cara á visibilización e promoción das actividades e proxectos que se desenvolvan, con este obxectivo poderá facer uso dos medios de difusión interna e externa que considere pertinentes.

As outras partes asinantes do convenio poderán facer uso da marca USC exclusivamente en relación ás actividades realizadas ao amparo da Cátedra.

6.- FINANCIAMENTO

No Convenio de creación da Cátedra establecerase o procedemento polo que a empresa, fundación, padroado ou institución realizará as achegas económicas para o funcionamento da Cátedra.

Agás casos especiais, como nas Cátedras UNESCO, Cátedras Jean Monnet ou similares, a achega económica mínima que os promotores realizarán anualmente para o funcionamento da Cátedra será de trinta mil euros (30.000€).

As cátedras deberán ter autonomía financeira a través das seguintes fontes de financiamento:

- Partidas que para isto destine a USC sen que isto supoña compromiso presupostario.
- Partidas dispostas de xeito explícito nos Convenios asinados pola USC e que afecten ás Cátedras.
- Colaboración de institucións, fundacións, empresas e outras personalidades xurídicas que apoiem ou secunden os proxectos e actividades da Cátedra.
- As matrículas nos cursos ou actividades organizadas pola Cátedra consonte, en calquera caso, coa normativa vixente na USC.
- As achegas persoais, doazóns e calquera outra partida que non menoscabe o estipulado no presente protocolo en relación ás funcións e actividades a desenvolver.

7.- DURACIÓN

No convenio de creación da Cátedra establecerase a súa duración que será como **mínimo de 2 a 3 anos prorrogables**. A Dirección da Cátedra será a encargada de presentar a proposta de prórroga da Cátedra á Vicerreitoría de Relacións Institucionais, sendo competente na súa aprobación o Consello de Goberno da USC.

8.- EXTINCIÓN

A extinción dunha Cátedra producirase por:

- 1.- Acordo do Consello de Goberno da USC a proposta do Reitor oída a Comisión de Seguimento.
- 2.- Polas causas previstas no convenio de creación ou por incumprimento de calquera das partes asinantes do convenio, sendo precisa neste caso a aprobación do Consello de Goberno da proposta de denuncia do Convenio.

9.- CÁTEDRAS JEAN MONNET E CÁTEDRAS UNESCO

Polas súas peculiaridades debemos diferenciar certo tipo de cátedras, como as Cátedras Jean Monet e as Cátedras UNESCO, do resto das cátedras institucionais da USC, polo que non lles serán de aplicación aqueles apartados deste documento que sexan incompatibles ou contraditorios co seu particular sistema de creación, estrutura ou financiamento.

Cátedras Jean Monnet²

Creadas pola Comisión Europea e integradas dentro do grupo de actividades da Acción Jean Monnet destinadas á mellora e difusión dos coñecementos sobre asuntos europeos e ensinanzas relacionadas co estudio da construción europea por medio do ensino, a reflexión, o debate e a investigación aplicadas ao Dereito Comunitario, á Integración Económica Europea, á Integración Política Europea ou á Historia da Construción Europea.

Na USC existen na actualidade dúas Cátedras Jean Monnet:

- [Cátedra "Jean Monnet" de dereito constitucional europeo](#)
- [Cátedra "Jean Monnet" de dereito da integración europea](#)

Cátedras UNESCO

Creadas pola UNESCO e destinadas a fortalecer a sensibilidade social das institucións de educación superior cara o ámbito social de acordo cos seguintes obxectivos:

- Difundir o coñecemento e a sensibilidade sobre o desenvolvemento sostible en todos os niveis da sociedade, prestando especial interese ás necesidades de información dos responsables na toma de decisións.
- Desenvolver indicadores axeitados e politicamente relevantes para a avaliación da sostibilidade do desenvolvemento, así como aumentar a capacidade institucional para crear políticas sobre desenvolvemento sostible mediante a capacitación de que formula as políticas así como os actores institucionais.
- Fomentar a participación da sociedade civil nos procesos da toma de decisións a través da capacitación para a defensa de intereses e a sensibilización.
- Facilitar o diálogo entre os diferentes grupos sociais interesados.

² Que deberán ser progresivamente integradas no marco Integrated Long Live Learning (ILLL)

Na USC existen na actualidade tres Cátedras UNESCO:

- Cátedra UNESCO 226 sobre Migracións
- Cátedra UNESCO de cultura Luso-Brasileira
- Cátedra UNESCO de Innovación e Xestión da Cultura Emprendedora

10.- CÁTEDRAS DA USC EXISTENTES NA ACTUALIDADE

- Cátedra "Astrazeneca" de calidade asistencial en patoloxía cardiovascular
- Cátedra "Bolívar"
- Cátedra "Jean Monnet" de dereito constitucional europeo
- Cátedra "Jean Monnet" de dereito da integración europea
- Cátedra "José Ángel Valente"
- Cátedra "Juana de Vega" de formación e investigación
- Cátedra "Valle-Inclán"
- Cátedra de cultura cubana "Alejo Carpentier"
- Cátedra de empresa familiar
- Cátedra de nutrición clínica pediátrica "USC-Novartis" (extinguida no 2006)
- Cátedra de medicina de familia
- Cátedra UNESCO 226 sobre migracións
- Cátedra UNESCO de cultura Luso-Brasileira
- Cátedra UNESCO de innovación e xestión da cultura emprendedora

***¹ COMISIÓN INSTITUCIONAL DE SEGUIMIENTO INSTITUCIONAL DAS CÁTEDRAS**

Para aquelas Cátedras que foron creadas no seu día e que non incluían na súa organización unha Comisión de Seguimento da Cátedra, poderá constituírse unha **Comisión Institucional de Seguimento das Cátedras**, coa seguinte composición:

- Vicerreitor ou Vicerreitora de Relacións Institucionais ou persoa en quen delegue e que exercerá a presidencia nas xuntanzas desta Comisión.
- Vicerreitores e/ou Vicerreitoras implicados por razón da materia.

